

RESOLUCIÓN REITORAL DO 9 DE ABRIL DE 2026 POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS A PROXECTOS PARA O PERSOAL INVESTIGADOR CON TRAXECTORIA EXCELENTE DO CAMPUS DE OURENSE 2026.

A investigación, como actividade orientada a xerar novo coñecemento, de conformidade co establecido no artigo 101.1 dos Estatutos da Universidade, constitúe unha función esencial da Universidade e un dos fundamentos da docencia. Para tales efectos, a Universidade asume o desenvolvemento da investigación científica, técnica, humanística e artística, así como a formación de persoal investigador, atendendo tanto á investigación coma ao desenvolvemento experimental e tecnolóxico.

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 29 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar axudas a proxectos para o persoal investigador con traxectoria excelente do Campus de Ourense 2026, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROXECTOS PARA O PERSOAL INVESTIGADOR CON TRAXECTORIA EXCELENTE DO CAMPUS DE OURENSE 2026.

1. Obxecto e finalidade das axudas

A presente resolución ten por obxecto a aprobación para o ano 2026 do procedemento de concesión de axudas a proxectos para o persoal investigador con traxectoria excelente do Campus de Ourense no marco do financiamento do Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento de accións estratéxicas no Campus Auga de Ourense (2024-2027).

Estas axudas pretenden potenciar a captación e retención de talento para o persoal investigador adscrito ao programa “Ramón y Cajal” da convocatoria 2024 vinculado a un centro do Campus de Ourense, que afiancen unha liña de investigación baseada nun proxecto que potencie as liñas de especialización do Campus Auga aprobadas no seu plan estratéxico 2024-2027.

Ademais, esta convocatoria quere contribuír a reducir o desequilibrio entre homes e mulleres dedicados á investigación no sistema universitario de Galicia, en cumprimento do compromiso de eliminación de discriminacións entre homes e mulleres que recolle o artigo 1 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, así como o artigo 20 de Lei 13/2021, do 20 de xullo polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación e o propio III Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo no seu eixe 3. Por iso, as axudas que se regulan nesta convocatoria terán en consideración o peso relativo das mulleres nas propostas presentadas, de xeito que se potencie o seu número e a calidade do seu traballo.

2. Características dos proxectos

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas o persoal investigador que cumpra os requisitos establecidos nesta convocatoria e que forme parte dun grupo de investigación pertencente ao Campus Auga da Universidade de Vigo.

Os proxectos realizaranse de forma individual, con un/unha investigador/a principal e un equipo de investigación proporcional coas tarefas a realizar e deberán enmarcarse nas áreas temáticas, segundo recolle o Anexo III, das liñas de especialización do Campus Auga: Alimentación funcional, Agricultura e Medio Ambiente e Xestión da Auga Termal.



3. Requisitos específicos do persoal investigador

3.1. Requisitos do persoal investigador principal:

O IP deberá cumprir os seguintes requisitos dende a data de peche do prazo de presentación de solicitudes ata que remate o período de execución do proxecto.

- Ser persoal investigador adscrito ao programa “Ramón y Cajal” da convocatoria do ano 2024, que tomase posesión efectiva da súa praza nesa categoría na Universidade de Vigo, en centros do Campus de Ourense, antes da publicación desta convocatoria.
- Non ser investigador/a principal dun proxecto INOU 2026 ou INOU+ POSDOU CAMPUS AUGA 2026.
- Ningún investigador/a principal poderá figurar na solicitude de máis dun proxecto.

3.2 Requisitos do persoal do equipo de investigación:

- Ter unha relación contractual coa Universidade de Vigo a tempo completo con capacidade para desenvolver tarefas investigadoras ata a data de finalización do período de execución da subvención.
- O persoal investigador predoutoral contratado co motivo de superar un procedemento de selección de persoal en concorrencia competitiva convocado por calquera entidade do sector público deberá presentar a correspondente autorización de dita entidade.
- O persoal investigador beneficiario dunha axuda posdoutoral que inclúa un contrato de estadía non poderá figurar como membro do equipo de investigación no transcorrer desa fase do contrato.
- Desenvolver o seu labor investigador en instalacións do Campus de Ourense, entenderase que a pertenza a unha das xuntas de centro deste campus é condición suficiente, o resto do persoal deberá acreditar a súa adscrición investigadora ao Campus de Ourense durante todo o período de execución do proxecto.
- Ningún investigador/a poderá figurar na solicitude de máis dun proxecto.

4. Prazo e forma de presentación das solicitudes.

O prazo de presentación das solicitudes será dende o día seguinte á publicación desta convocatoria ata o día **30 de abril de 2026 ás 23:59 horas** (hora peninsular española).

O modelo de solicitude pode descargarse no apartado de [convocatorias](#) da Universidade de Vigo, unha vez cuberto e asinado presentarse en formato pdf exclusivamente a través da [sede electrónica](#) no procedemento “Proxectos para o persoal investigador con traxectoria excelente do Campus de Ourense 2026”

No modelo de solicitude faranse constar os seguintes datos:

- Datos do/da investigador/a principal, que será a persoa solicitante da axuda.
- Datos dos membros do equipo de investigación que deberá ser proporcional coas tarefas a realizar.



- Obxectivos xerais e específicos, así como o impacto científico-técnico e grao de innovación.
- Metodoloxía, plan de traballo e descrición e dedicación do persoal investigador asignado a cada tarefa.
- Plan de comunicación dos resultados.
- Impacto esperado dos resultados do proxecto relacionado coas áreas temáticas das liñas de especialización do Campus Auga.
- Orzamento con indicación dos conceptos de gasto.
- Currículo abreviado relacionado coas áreas temáticas das liñas de especialización do Campus Auga.

5. Orzamento e contía das axudas

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2026 AUGA 131H 641.02 cunha dotación máxima de 80.000.-€.

A subvención máxima para cada proxecto será de 20.000.-€, librarase por anticipado o 100% da subvención concedida no momento da resolución da concesión da axuda.

As axudas que se concedan deben considerarse destinadas a financiar a investigación durante a anualidade 2026 e o plan de traballo presentado tamén deberá ser executado en dita anualidade.

O persoal investigador beneficiario destas axudas deberá manter a súa vinculación laboral co Campus de Ourense durante toda a execución do proxecto e non poderán dispoñer daqueles fondos que non teñan sido executados no prazo establecido.

6. Conceptos subvencionables

Os importes das axudas irán destinados a financiar os seguintes conceptos, sempre que se relacionen co proxecto de investigación:

Adquisición de material inventariable e funxible, custos de mobilidade, inscrición en congresos, gastos de publicación e difusión dos resultados ou outros gastos que resulten estritamente necesarios que deberán especificarse na solicitude.

No caso da subcontratación de actividades obxecto da axuda non poderá superar o 25% da contía total da axuda concedida.

Non serán gastos elixibles:

Os gastos de contratación de persoal, material informático (ordenadores), material de oficina, funxible e programas informáticos de uso xeral, reparacións de infraestruturas e equipamento, atencións de carácter protocolario.

Calquera modificación substancial respecto do orzamento solicitado precisará de autorización, a solicitude dirixirase á Dirección do Campus Auga.



Establécese como datas límite, o 10.10.2026 para a conciliación dos pedidos e o 15.10.2026 para a elaboración dos documentos contables correspondentes.

7. Revisión e selección das solicitudes

A instrución do procedemento de concesión destas axudas correspóndelle á Vicerreitoría do Campus de Ourense – Campus Auga.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes procederase á súa revisión e publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo a relación provisoria das solicitudes admitidas e excluídas a trámite, así como as causas de exclusión.

As persoas solicitantes excluídas disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución para reclamar contra a relación provisoria ou para, no seu caso, corrixir ou completar a documentación. As reclamacións ou emendas presentaranse a través da [sede electrónica](#) da Universidade de Vigo utilizando a instancia SXER-Emenda e mellora da solicitude, indicando no asunto “Convocatoria de axudas a proxectos para o persoal investigador con traxectoria excelente do Campus de Ourense 2026”

Serán causas de exclusión das solicitudes presentadas o non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da documentación solicitada.

Posteriormente procederase á publicación da listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas a trámite no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

8. Avaliación

A avaliación será efectuada pola comisión que estará composta por:

- O vicerreitor do Campus de Ourense-Campus Auga, ou persoa en quen delegue, que será o/a presidente/a da comisión.
- Un/unha representante do Comité de dirección do Campus Auga, que será a/o secretaria/o da comisión.
- Un/unha representante do Comité consultivo de persoas expertas do Campus Auga.

Os membros desta comisión non poderán participar nos equipos solicitantes dos proxectos desta convocatoria.

Os criterios de avaliación dos proxectos son os recollidos no anexo II desta convocatoria.

A comisión, de conformidade cos criterios establecidos para a avaliación, emitirá un informe motivado sobre a prelación das solicitudes. Non obstante, non será necesario fixar dita orde de prelación cando o crédito consignado sexa suficiente para atender a todas as solicitudes presentadas que satisfagan os requisitos esixidos.



9. Resolución de concesión e réxime de recursos

Efectuada a valoración, a comisión de avaliación, a través da Vicerreitoría do Campus de Ourense – Campus Auga, publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica a listaxe provisoria de axudas concedidas e denegadas.

Fixarase un prazo de cinco días hábiles, que se contarán desde o día seguinte á publicación da devandita listaxe, para que as persoas candidatas presenten as alegacións que consideren oportunas a través da [sede electrónica](#) da Universidade de Vigo utilizando a instancia SXER-Emenda e mellora da solicitude, indicando no asunto “Convocatoria traxectoria excelente Campus Auga 2026”.

Transcorrido este prazo a comisión elevará, a través da Vicerreitoría do Campus de Ourense – Campus Auga, unha proposta definitiva de resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

10. Incompatibilidades

A axuda é incompatible con calquera outra axuda de entidades públicas e privadas para a mesma finalidade e/ou período.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

11. Renuncia

A renuncia á subvención farase por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se comunicase a renuncia a Vicerreitoría do Campus de Ourense – Campus Auga ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da mesma lei.



12. Réxime de xustificación

1. Todas as publicacións, comunicacións en congresos, relatorios, etc. relacionadas cos proxectos deberán facer constar o financiamento da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional en colaboración coa Universidade de Vigo para o desenvolvemento de accións estratéxicas no Campus Auga de Ourense (2024-2027).

2. O/A investigador/a principal do proxecto enviará á Dirección do Campus Auga unha memoria final, no prazo de 15 días contados a partir do remate da aplicación da subvención, coa finalidade de realizar unha avaliación do cumprimento do proxecto de investigación financiado. Nesta avaliación terase en conta a coherencia da traxectoria de execución con respecto á memoria presentada, a calidade do traballo realizado e a súa repercusión no ámbito científico relacionado coas áreas temáticas das liñas de especialización do Campus Auga.



ANEXO II

A) Criterios de avaliación das persoas solicitantes (55 puntos)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	PUNTOS
1. CVA relacionado coas áreas temáticas das liñas de especialización do Campus Auga	55

Criterio 1: CVA relacionado coas liñas estratéxicas do Campus Auga.

Valorarase o currículo abreviado relacionado coas áreas temáticas das liñas de especialización do Campus Auga que se presentará no modelo normalizado dispoñible na páxina web da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT).

B) Criterios de avaliación dos proxectos (45 puntos)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	PUNTOS
2. Calidade e viabilidade da proposta	20
3. Impacto esperado dos resultados do proxecto relacionado co Campus Auga	10
4. Adecuación do orzamento solicitado	10
5. Medida positiva relativa a presenza de mulleres investigadoras	5

Criterio 2. Calidade e viabilidade da proposta.

Valorarase a idoneidade da proposta ás características e obxecto da convocatoria, así como excelencia científica-técnica e grao de innovación e alcance da novidade de proposta respecto ao estado de arte.

Criterio 3. Impacto esperado dos resultados do proxecto relacionado co Campus Auga.

Valorarase o impacto esperado dos resultados do proxecto relacionado coas áreas temáticas das liñas de especialización do Campus Auga.

Tamén se valorará o plan de comunicación dos resultados en termos de publicacións, presentacións e comunicacións a congresos.

Criterio 4.: Adecuación do orzamento solicitado.

Valorarase a claridade, xustificación e adecuación do orzamento solicitado en relación cos obxectivos a alcanzar e as actividades a desenvolver no ámbito do proxecto.

Criterio 5: Medida positiva relativa a presenza de mulleres investigadoras.

Valorarase que a solicitude do proxecto sexa liderado por unha investigadora principal ou haxa un predominio de mulleres no equipo de investigación.



ANEXO III

Liñas de traballo prioritarias e áreas temáticas correspondentes ás liñas de especialización do Campus Auga

Alimentación funcional

- Alimentación sustentable, circular e valorización de subprodutos
 - Valorización de subprodutos da industria alimentaria para obter compostos biofuncionais mediante técnicas sustentables
 - Optimización de bioprocesos para producir biocombustibles (bioetanol e biohidróxeno) a partir de subprodutos alimentarios
 - Obtención de compostos químicos de base mediante tecnoloxías emerxentes
 - Transformación de residuos alimentarios en biofertilizantes
- Biotecnoloxía alimentaria
 - Biorreactores e optimización de bioprocesos para a extracción e a purificación de compostos bioactivos e antioxidantes
 - Innovación en tecnoloxía alimentaria, alimentación alternativa e novas proteínas
 - Nanotecnoloxía aplicada aos alimentos
- Rastrexabilidade e calidade alimentaria
 - Rastrexabilidade na cadea alimentaria
 - Análise de riscos microbiolóxicos en alimentos
 - Distribución de contaminantes químicos orgánicos agrícolas e ambientais na cadea de produción de alimentos
 - Tipificación e caracterización bioquímica e microbiolóxica de produtos cárnicos, lácteos, vexetais e bebidas
 - Caracterización de novas alternativas vexetais no deseño de alimentos naturais, seguros, funcionais e clean label.
- Dieta e alimentos nutracéuticos
 - Deseño de ferramentas in vitro celulares e moleculares para avaliar os mecanismos bioquímicos implicados na relación dieta/saúde
 - Integración de técnicas alimentómicas (metabolómica e proteómica) para avaliar globalmente o efecto da alimentación na saúde humana

Agricultura e medio ambiente

- Funcións do solo e servizos ecosistémicos
 - Fixación de carbono e regulación climática
 - O solo como hábitat: biodiversidade edáfica
 - Reciclaxe de nutrientes e fertilidade
 - Recuperación de solos degradados
 - Purificación da auga e redución da contaminación
- Agricultura de conservación, rexenerativa e resiliente
 - Agricultura rexenerativa mediante prácticas agrícolas para a conservación de solos, auga e biodiversidade
 - Alternativas a fertilizantes de síntese química: novas estratexias, biofertilizantes e emendas de baixo custo



- Xestión agroecolóxica de malas herbas. Desenvolvemento de bioherbicidas
- Agricultura da incerteza: cambio global e extremos climáticos
- Agricultura intelixente
 - Monitorización e prognóstico de variables agrarias con sensores biolóxicos para tomar decisións sobre o manexo dos cultivos e a xestión do solo
 - Modelos de predición de colleitas mediante a intelixencia artificial para evitar fraudes en DOP/IGP e optimizar os seguros agrarios no contexto do cambio climático
 - Transformación dixital e tecnoloxías agrícolas de precisión: sistemas aéreos non tripulados, satélites, fotogrametría xeodésica, sensores
 - Agricultura circular e de proximidade

Xestión da auga termal

- Xestión de mananciais de augas termais
 - Enxeñaría hidroecolóxica e xeotecnia
 - Xestión coordinada e equitativa da auga termal
 - Lexislación, perímetros de protección de xacementos
 - Controis fisicoquímicos e microbiolóxicos en augas termais: APPCC
- Usos indirectos das augas termais
 - Aproveitamentos enerxéticos das augas termais
 - Enzimas termolábiles de augas termais e aplicación en procesos alimentarios
 - Innovación de produtos cosméticos saudables
- Usos de lecer das augas termais
 - Turismo termal
 - Desenvolvemento do capital natural, material e inmaterial da auga termal



ANEXO IV

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de resolver a "Convocatoria de axudas a proxectos para o persoal investigador con traxectoria excelente do Campus de Ourense 2026" e amparados pola lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario.

Conforme o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Universidade de Vigo está lexitimada para a publicación daqueles datos persoais que fosen precisos atendendo á natureza e finalidade do acto que sexa obxecto de publicación. Non obstante, e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.gal.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os citados dereitos poderán exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente a través do procedemento específico [SXER – Exercicio dereitos sobre protección de datos](#)) ou mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficina de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderán dirixir dita solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

